

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

3749 *Real decreto 100/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario.*

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modificou numerosas disposicións con rango de lei en concordancia cos principios establecidos na lei á cal complementa e desenvolve e na Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior que a dita lei incorporou ao noso ordenamento xurídico.

O artigo 24 da precitada Lei 25/2009 modificou a Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, dando nova redacción aos seus artigos 21, 40, 41, 78, e 79, engadindo ao seu texto unha nova disposición transitoria sétima e modificando o seu anexo. Estas modificacións afectan a regulación da prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares no sector ferroviario, que agora se liberalizan en gran medida suprimindo trámites e reducindo cargas administrativas.

Esta modificación da Lei do sector ferroviario obriga a modificar en concordancia as disposicións regulamentarias afectadas polos cambios producidos na lei sectorial ferroviaria antes citada. Unha destas disposicións regulamentarias é o Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario, que debe ser modificado na súa disposición adicional décima, que se suprime. Do mesmo modo, débense modificar os artigos 54, 55, 56, 78 e 143 do Regulamento que ese real decreto aproba, todos eles referidos aos servizos ferroviarios adicionais, complementarios e auxiliares. Estas modificacións constitúen o obxecto deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, e do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo citado real decreto.*

Un. Suprímese a disposición adicional décima do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario.

Dous. O artigo 54 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 54. *Servizos complementarios.*

Os servizos complementarios, segundo o disposto no anexo da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, na redacción dada a este polo artigo 24 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, poden comprender:

- a) A corrente de tracción.
- b) A subministración de combustible.
- c) O prequecemento de trens de viaxeiros.

d) O de manobras e calquera outro relacionado coas operacións sobre o material ferroviario prestado nas instalacións de mantemento, reparación, subministración e terminais de carga e estacións de clasificación.

e) Os específicos para control do transporte de mercadorías perigosas e para a asistencia á circulación de convois especiais.»

Tres. O artigo 55 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 55. *Servizos auxiliares.*

Segundo o disposto no anexo da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, na redacción dada a este polo artigo 24 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, entre estes servizos inclúense:

- a) O acceso á rede de telecomunicación.
- b) A subministración de información complementaria.
- c) A inspección técnica do material rodante.»

Catro. O artigo 56 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 56. *Réxime xurídico da prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares.*

1. Os servizos adicionais, complementarios e auxiliares na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e as súas zonas de servizo ferroviario, tendentes a facilitar o funcionamento do sistema ferroviario, prestaranse ás empresas ferroviarias e outros candidatos conforme o establecido no artigo 40 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

2. Por orde do ministro de Fomento estableceranse as condicións de prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares, os requisitos para a obtención do título habilitante, que nos casos establecidos na Lei do sector ferroviario sexan exixibles para a realización de servizos complementarios. Así mesmo, mediante real decreto aprobado por proposta do ministro de Fomento estableceranse as condicións para que o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias subscriba acordos ou contratos de disposición de espazos, instalacións ou medios para a realización de servizos complementarios na Rede Ferroviaria de Interese Xeral nas zonas de servizo ferroviario administradas pola dita entidade. O previsto neste punto levarase a cabo conforme os principios de non-discriminación e de proporcionalidade.»

Cinco. A letra f) do punto 2 do artigo 78 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, queda redactada do seguinte modo:

«f) Utilizar os servizos adicionais, complementarios e auxiliares que presten, segundo os casos, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias ou outras empresas prestadoras, logo de pagamento das correspondentes tarifas ou prezos.»

Seis. A letra c) do artigo 143 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, queda redactada do seguinte modo:

«c) Os que teñan encomendada a competencia de fixación das tarifas pola prestación de servizos adicionais e complementarios.»

Disposición adicional única. *Establecemento do marco xeral tarifario pola prestación de servizos adicionais e complementarios.*

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, o Ministerio de Fomento establecerá, por proposta do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, un marco xeral tarifario que lle permita a este formular as propostas das tarifas pola prestación de servizos adicionais e complementarios de acordo co artigo 79 da Lei do sector ferroviario, tarifas que serán aprobadas polo ministro de Fomento.

2. Ata que sexa de aplicación o marco xeral tarifario a que se refire o punto anterior, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias poderá propoñer á aprobación do Ministerio de Fomento, logo de informe das empresas ferroviarias afectadas, tarifas de carácter provisional pola prestación de servizos adicionais e complementarios.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ